

CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Nº 12 ANO 2025



EDITA
Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)

CONSELLO EDITORIAL
M^a Consuelo Vázquez Castro
Mario Outeiro Iglesias
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano
Josefa González Díaz
Manuel Fernández López “Lolo”
Roberto Rodríguez Páramo
Xosé Manuel Castro Castedo

DESEÑO E IMPRESIÓN
Grafinco

DEPÓSITO LEGAL
LU 149-210

ISSN 2171-6013

CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO
Nº 12 ANO 2025

Agradecemento expreso ao Concello do Corgo porque sen a súa colaboración económica esta empresa non daría saído adiante.

EDITA

Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)

CONSELLO EDITORIAL (Xunta Directiva)
M^a Consuelo Vázquez Castro (Presidenta)
Mario Outeiro Iglesias (Vicepresidente)
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano (Secretario)
Josefa González Díaz (Tesoureira)
Manuel.Fernández López “Lolo”
Roberto Rodríguez Páramo
Xosé Manuel Castro Castedo (Vocais)

COMITÉ CIENTÍFICO

Felipe Arias Vilas
Javier Gómez Vila
Xosé Manuel Castro Castedo
Ruben Ruibal Armesto
Ana Cabana Iglesia
Emilio Carral Vilariño
Daniel López Vispo
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Antonio Reigosa Carreiras
Xabier Bruña García
Felipe-Senén López Gómez
Manuel Lamas Castro
Adolfo de Abel Vilela

ASESORÍA LINGUÍSTICA

M^a Consuelo Vázquez Castro

ASESORÍA TIC

Mario Outeiro Iglesias

FOTO PORTADA

Mario Outeiro Iglesias

*Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)
Casa das Asociacións s/n
27.163 O Corgo (Lugo)
ocorgo@gmail.com
<http://ocorgo.blogspot.com>*

EDITORIAL

Nun mundo global como o que habitamos, proxectos como o desta revista, que trata de recuperar o coñecemento local a nivel de múltiples disciplinas, é toda unha celebración. Dende o Corgo gustamos de coñecernos porque esa é a mellor maneira de saber estar no mundo, de valorar o que somos, onde vivimos e todo o que as xeracións pasadas (e presentes) fixeron por nós. Pero tamén é o primeiro paso para respectar e valorar o diferente, nun mundo diverso e rico en matices.

Este novo número contén oito artigos e xa son setenta e nove os publicados nestes quince anos de traballo. A revista Corga foi a plataforma a través da cal trinta e oito persoas diferentes foron descubrindo os distintos tesouros que o noso concello agocha, sendo trece deles, socios e socias investigadoras por ter publicados tres artigos, como mínimo.

Co número da revista que tes nas mans volvemos a contar coa presenza de Adrián Flores, que pon en relevo a importancia, por antigüidade e estado de conservación, do retablo de San Fiz de Bergazo. Mais os templos parroquiais seguen sendo protagonistas no traballo de Óscar González que recolle a segunda parte dos inventarios das igrexas pertencentes ao arceprelado de Farnadeiros realizados no ano 1763 polos respectivos párrocos.

Carlos Álvarez repite no índice da revista cun traballo sobre o impacto do ferrocarril no concello a partir de dous accidentes ferroviarios que aconteceron hai mais de 70 anos. Tamén repite Alberto Martín, cun estudo da pegada de dúas familias corguesas, os Leirado e os Díaz, nos protocolos notariais da zona (séculos XVII a XIX).

Continúan colaborando outras dúas persoas que, nesta ocasión, acadan o terceiro artigo, converténdose en socios investigadores. Trátase de Marco Antonio García-Gabilán que nos fala de como unha querela de forza interposta polo conde de Lemos é capaz de achegarnos moita información histórica sobre a Xurisdición de Adai, e de Tamara Fuentes, que nos achega luz sobre estratexias de integración extralegal no marco rural galego.

Este ano contamos con dous socios numerarios máis. Agradecemos a colaboración de Marisol Bravos que nos relata a súa experiencia como mestra na escola unitaria de Fonteita nos últimos momentos antes da agrupación escolar do Corgo. Tamén damos a benvida a Rubén Manuel Torrón, que nos trae o primeiro artigo de filosofía da revista baseado en experiencias de dous corgueses (avo e neto).

Grazas ás oito persoas que desinteresadamente dedicastes o voso tempo e sabedoría para verter luz sobre distintos aspectos do noso concello. Agradecementos que queremos estender, outro ano máis, ao Concello do Corgo, que leva financiando integramente a revista nos últimos seis números. Finalmente, grazas a todos e todas vós, lectores e lectoras que nos demandades un novo exemplar cada ano, porque sodes o aguillón que nos motiva a seguir traballando. Vémonos no número trece!

O CONSELLO EDITORIAL

ÍNDICE

Adrián FLORES VÁZQUEZ Un exemplo de barroco temperán no Corgo: o retablo maior da igrexa de San Fiz de Bergazo	6
Carlos ÁLVAREZ QUIROGA O tren no Corgo. Lembranzas de dous accidentes ferroviarios na década de 1950	20
Tamara FUENTES SÁNCHEZ Escribir a paternidade: documentos notariais e integración de fillos naturais no Corgo do XIX.....	28
Alberto MARTÍN MONGE “ <i>Labradores honrrados en este paraje</i> ”. Os Leirado de Santalla do Alto e os Díaz de Hospital de Chamoso á luz dos protocolos notariais: séculos XVII e XVIII	44
Marisol BRAVOS LÓPEZ Escola de Fonteita: un principio e un final.....	56
Óscar GONZÁLEZ MURADO O estado das igrexas do antigo arciprestado de Maestrescolía (1764-1765) (Fon-San).....	64
Rubén Manuel TORRÓN VÁZQUEZ A filosofía moral como herdanza e compás vital. Dúas historia familiares.....	82
Marco A. GARCÍA-GABILÁN SANGIL O señorío xurisdiccional da <i>Villa e Puebla de Aday</i> : a querela de forza sobre regalías xurisdicionais interposta polo Conde de Lemos contra os veciños do Couto de Moreira	88
MEMORIA DE ACTIVIDADES DA A.C. ARUMES DO CORGO E CEC	128
DOCUMENTACIÓN PARA INSCRICIÓN COMO SOCIO/A DO CEC	133
NORMAS DE PUBLICACIÓN	140